

## **“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DE LICENZAS E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS”**

*Aprobación: 11/10/89 - B.O.P. : 27/12/89*

*Modificación: 28/11/95 - B.O.P. : 15/02/96*

*Modificación: 24/07/03 - B.O.P. : 03/12/03*

*Modificación: 24/01/05 - B.O.P. : 23/02/05*

*Modificación: 18/12/06 - B.O.P. : 22/12/06*

*Modificación: 31/01/08 – B.O.P.: 03/04/08*

*Modificación: 29/12/08 – B.O.P.: 30/12/08*

*Modificación: 26/12/11 – B.O.P.: 16/03/12*

*Modificación: 26/12/11 – B.O.P.: 16/03/12*

*Modificación: 28/06/12 – B.O.P.: 24/09/12*

*Modificación: 30/04/14 – B.O.P.: 15/09/14*

### **Artigo 1. FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGA DE CONTRIBUCIÓN (DEVENGO).**

1. Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación dos servizos técnicos e administrativos previos á concesión ou denegación das licenzas que preceptivamente deban solicitarse no Concello para a execución de calquera clase de construción, obra ou instalación; a realización das actividades administrativas de control nos supostos en que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de comunicación previa, así como a prestación doutros servizos urbanísticos.

2. Se devenga a taxa e nace a obriga de contribuir cando se inicia a actividade municipal que constitúe o feito impoñible. A estes efectos, se entenderá iniciada a devandita actividade cando se presente a solicitude ou a comunicación previa.

3. Unha vez iniciada a obriga de contribuir, a mesma non se verá afectada en modo algún pola denegación da licenza solicitada, a renuncia ou o desistimento do solicitante con posterioridade a súa concesión. Asemade non resulta tampouco afectada pola ineficacia da comunicación previa que no seu caso correspondese debido a incumprimentos, formais ou requisitos substanciais esixidos pola normativa vixente, imputables ao interesado.

4. Cando a renuncia ou desistencia do contribuínte se realice con carácter previo ao inicio das actuacións, por parte do Servizo con competencias urbanísticas determinarase a devolución do 75% do importe da taxa. No caso de iniciarse os citados trámites, non procederá devolución algunha. O estado da tramitación constatarase en base a un informe do citado Servizo con competencias urbanísticas.

**Artigo 2. SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES.**

1. Serán suxeitos pasivos en concepto de contribuintes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que sexan solicitantes da licenza ou que presenten comunicacións previas.

2. En todo caso, terán a condición de substitutos do contribuínte os constructores e contratistas das obras.

3. Serán responsables solidarios das débedas tributarias as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

4. Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

**Artigo 3. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.**

Non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei ou derivados da aplicación de Tratados Internacionais.

**Artigo 4. BASE IMPOÑIBLE, LIQUIDABLE E COTAS.**

Tomarase como base imponible, que en todos os casos coincidirá coa base liquidable, o orzamento de construción, instalación ou obra a realizar, excepto no disposto no apartado C do artigo seguinte.

**Artigo 5.**

As cotas a satisfacer resultarán de aplicar os tipos seguintes:

A.-Licenzas de obra e proxectos de urbanización: 1% sobre a base liquidable, cunha cota mínima de 100,00 €.

Cando se solicite a prórroga da licenza a cota tributaria será o resultado de reducir nun 75% o importe satisfeito pola taxa pola tramitación da licenza da que se solicita a prórroga, cun importe máximo de 1.413,11 €. Esta norma non será de aplicación aos supostos tramitados pola vía da comunicación previa

B.-Actividades administrativas de control nos supostos en que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa: 1% sobre a base liquidable, cun importe máximo de 3.726,00 €.

C.-Outros servizos:

1.-Aliñacións e rasantes, por metro lineal..... 0,70 €

2.-Inspección de obras que se practiquen a instancia de parte ou causa de expediente contradictorio por unidade..... 25,17 €

3.-Inspección de actividade que se practique a instancia de parte, por unidade..... 16,07 €

4.-Licenzas de parcelamento urbanístico. Por cada parcela resultante excluindo a parcela inicial ..... 500,00 €.

5.-Autorizacións previas en solo non urbanizable (incluíndo prezo do anuncio en prensa) ..... 55,93 €

6.-Licenzas de primeira ocupación

6.1USO RESIDENCIAL VIVENDAS UNIFAMILIARES E “ADOSADOS”

6.1.1Vivendas de superficie construída inferior a 100 m2., por cada unha..... 18,81 €

6.1.2Vivendas de superficie construída ente 101 e 250 m2., por cada unha..... 73,15 €

6.1.3Vivendas de superficie construída superior a 250m2., por cada unha:..... 172,43 €

6.2 USO RESIDENCIAL VIVENDAS COLECTIVAS

6.2.1Vivendas, estudos e apartamentos de superficie construída inferior a 100 m2, por cada unha..... 9,41 €

6.2.2Vivendas de superficie construída entre 101 e 250m2., por cada unha..... 28,22 €

6.2.3Vivendas de superficie construída superior a 250 m2, por cada unha. .... 84,65 €

6.3. BAIXOS

6.3.1Baixos lóbregos de superficie inferior a 100 m2., por cada un..... 12,54 €.

6.3.2Baixos lóbregos de superficie entre 101 e 250 m2., por cada un..... 37,62 €

6.3.3Baixos lóbregos de superficie superior a 250 m2., por cada un..... 112,86 €

6.3.4Baixos divididos de superficie inferior a 100 m2., por cada un..... 6,27 €

6.3.5Baixos divididos de superficie entre 101 e 250 m2., por cada un..... 18,81 €

6.3.6Baixos divididos de superficie superior a 250 m2., por cada un..... 56,43 €

6.3.7 Sotos, semisotos e plantas de uso accesorio tales como garaxes, trasteiros bodegas, etc., por cada planta ou semiplanta..... 9,41 €

6.4 OUTROS USOS

6.4.1 Naves industriais, edificios comerciais, de oficinas, de servizos, etc.. ata 500 m2. de superficie construída, por cada m2. ou fracción..... 0,57 €

Por cada m2 de exceso..... 0,08 €

7.- Solicitudes de declaración de ruína..... 244,64 €

8.- Solicitud de tramitación de figuras de planeamento de iniciativa particular o importe da taxa ascenderá, en cada caso, ao custe dos anuncios en diarios oficiais e prensa local.

9.-Por tramitación de proxecto de execución que desenvolva un proxecto básico que xa obtivera licenza e, sempre e cando, o presuposto de execución coincida co presuposto básico. Cota única por unidade..... 198,55 €

## **Artigo 6. LIQUIDACIÓN E INGRESO.**

A taxa esixirase no momento da presentación da correspondente solicitude de licenza ou cando se presente a comunicación previa, en calidade de depósito previo. Unha vez adoptada a resolución que proceda e realizadas pola Administración as comprobacións oportunas, practicarase a liquidación que se notificará ao interesado reclamando ou devolvendo, no seu caso, a cantidade que proceda.

#### **Artigo 7. INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sanciónns que ás mesmas correspondan, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”.